

*Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual*

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa a Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

Que a Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito local, constituída por persoas con discapacidade intelectual, os seus pais ou representantes legais e por todas aquelas persoas e entidades afíns ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Traballar pola mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual en tódalas etapas e ámbitos da súa vida.
- b) Conseguir unha integración social "real" facendo extensivo este propósito a toda persoa con discapacidade intelectual; recoñecendo que o primeiro dereito de calquera persoa discapacitada é chegar a non selo.
- c) Promover a participación das familias no sistema educativo, apoiando e impulsando todas aquelas medidas destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, principalmente na etapa escolar.
- d) Poder exercer a tutela daqueles menores que teñan síndrome de Down ou calquera outra discapacidade intelectual nos casos en que así sexa requirido.
- e) Apoiar ás familias para mellorar as súas condicións de vida e as dos seus familiares con discapacidade intelectual.
- f) Formar ás persoas con discapacidade intelectual coa finalidade de promover a súa integración social e laboral.
- g) Implementar, planificar e programar todo aquilo que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.
- h) Determinar a actividade da Fundación, dentro dos seus fins, cara aqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

